



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Webinario O incremento excepcional dos custos de execución dos contratos

CONVOCATORIA: Webinario O incremento excepcional dos custos de execución dos contratos

GRUPO: Economía Pública (Cursos Superiores e Xornadas)

ÁREA: Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	2
ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN XU	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2024
MOD.IMPARTICIÓN:	MIXTO	TIPOLOXÍA:	DIVULGACIÓN	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 31/05/2024 - 09:00h ao 07/06/2024 - 23:59h

RESPONSABLE: SIMÓN CUESTA, BEATRIZ [beatriz.simon.cuesta@xunta.gal]

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

O incremento excepcional dos custos de execución dos contratos públicos está a revelar as graves deficiencias que afectan a regulación desta fase da contratación pública. Á tradicional confusión entre o factum principis e o risco imprevisible, uniuse agora a delimitación entre este e o ius variandi, potestade que, en contra do seu entendemento tradicional, pretende ser utilizada como técnica de restablecemento do equilibrio contractual cando rompe por circunstancias imprevisibles. Isto expón a cuestión de se a forma máis axeitada de facer fronte ao referido incremento é a modificación do prezo sen máis ou a compensación por risco imprevisible e, en último termo, se tales técnicas son as máis idóneas para facer fronte a situacións de crises como a actual ou resulta máis apropiado acudir á lexislación de urxencia.

Esta conferencia, logo de lembrar algúns dos principios e conceptos capitais da contratación pública, trata de responder a estes interrogantes.

DESTINATARIOS

Esta actividade está dirixida ao persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, da Administración autonómica galega, das súas entidades públicas instrumentais e da Administración institucional; da Administración local, da Administración de xustiza e das universidades do Sistema universitario de Galicia.

PROGRAMA

Trataranse, en primeiro termo, os principios e conceptos capitais da contratación pública e, a continuación, analizarase como facer fronte ao incremento excepcional dos costes de execución e a idoneidade das técnicas correspondentes.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A admisión levarase a cabo de acordo co indicado para as persoas destinatarias na base segunda da convocatoria. A orde de selección virá determinada pola data e hora de presentación das solicitudes ata completar o número de prazas.

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS

As solicitudes de participación nesta actividade formativa só se poderán realizar mediante o formulario de matrícula telemática dispoñible no enderezo <<https://egap.xunta.gal/matricula>>.

As persoas interesadas deberán seleccionar primeiro a área en que está integrada esta actividade (Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas) e despois seleccionar en nome do curso: Webinario O incremento excepcional dos costes de execución dos contratos

Antes de formalizar a súa inscrición nesta actividade, todas as persoas deberán introducir ou actualizar os datos da súa área de matrícula, de acordo co establecido na base segunda da convocatoria respecto das persoas destinatarias.

3. DATOS EDICIÓNS

TELEPRESENZA

LOCALIDADE: Teleformación **INICIO / FIN:** 12/06/2024 a 12/06/2024

NUM. PRAZAS: 100 **ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.) **DATA EXAME:**

DOCENTES NOMEADOS

TOMAS CANO CAMPOS

LUGAR DE REALIZACIÓN

Sala telepresenza: O día 12 de xuño de 12:00 a 14:00. <https://egap.xunta.gal/aulavirtual>

Sala telepresenza: O día 12 de xuño de 12:00 a 14:00. <https://egap.xunta.gal/aulavirtual>